

NOTAS IMPORTANTES.

CONVOCATORIAS EN FAVOR DAS ENTIDADES. 2014

- Resolución do 19 de febreiro de 2014 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior para o exercicio 2014 (DOG. nº 39, do 26 de febreiro de 2014).

- Resolución do 11 de febreiro de 2014 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás comunidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (DOG. nº 33, do 18 de febreiro de 2014).

1) ¿Cales son os programas de subvencións en favor das entidades galegas no exterior, que a Secretaría Xeral da Emigración constitúe no ano 2014?

Neste ano 2014 os programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior teñen unha nova denominación, como se indica a continuación, se ben as finalidades que cubren son esencialmente as mesmas de anos anteriores:

I.- Resolución de programas de actuación en favor das comunidades galegas:

. Programa 1. Axudas para gastos de funcionamento e proxectos de actividades promovidos polas entidades galegas do exterior.

-Liña I: Axudas para o financiamento de gastos de funcionamento das entidades galegas.

-Liña II: Axudas para proxectos culturais, promovidos pola xuventude, para accións informativas, ou para o cumprimento dos seus fins.

. Programa 2. Accións de especial relevancia promovidas por comunidades galegas que teñan como obxectivo a promoción cultural, social ou económica de Galicia ou da propia entidade.

(Como se observa, as novas liñas I e II equivalen aos programas 1 e 2 do ano anterior, e o programa 2 de accións de especial relevancia é unha novidade neste ano 2014).

II.- Resolución de programas de apoio infraestrutural en favor das comunidades galegas:

- **Programa A.** Axudas para a ampliación, reforma, rehabilitación e conservación das súas instalacións e/ou do seu patrimonio cultural
- **Programa B.** Axudas para a mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable.

(Os investimentos que realicen as entidades nas súas bibliotecas poderán ser incluídos no programa A ou B, segundo corresponda pola súa finalidade).

2) Entidades beneficiarias

I. Convocatoria de programas de actuación

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para estes programas as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean recoñecidas en calquera das categorías establecidas no artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido nas disposicións transitorias terceira e cuarta da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, tamén poderán ser beneficiarias as entidades recoñecidas pola normativa anterior á devandita lei

- No **programa 1, liña I - gastos de funcionamento-**, só se concederán axudas ás entidades que teñan recoñecida a categoría de comunidades galegas ou de centros colaboradores da galeguidade. **(Como novidade importante neste ano 2014, nesta liña I non poderán concederse subvencións a entidades que non teñan recoñecidas algunha desas dúas categorías).**

- No **programa 1, liña II - proxectos de actividades-**, poderán concederse subvencións a calquera entidade recoñecida.

- No **programa 2- accións de especial relevancia-**, só se concederán axudas ás entidades que teñan recoñecida a categoría de comunidades galegas.

II. Convocatoria de programas de apoio infraestrutural

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para estes programas as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que, de acordo coa tipoloxía establecida no artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, teñan recoñecida a categoría de comunidades galegas ou de centros colaboradores da galeguidade.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido nas disposicións transitorias terceira e cuarta da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, tamén poderán ser beneficiarias as comunidades galegas e os centros colaboradores recoñecidos pola normativa anterior á devandita lei.

III. Para ambas convocatorias

Non poderán concorrer ás subvencións establecidas nestas convocatorias as entidades galegas que teñan adoptado o acordo de iniciar un proceso de unión ou fusión en tanto o devandito proceso non estea rematado.

2) Solicitudes e documentación

I. Solicitudes

. **Por vía electrónica:** As solicitudes poderán presentarse por vía electrónica, a través do formulario normalizado que figura como anexo I de cada resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>. Para a súa presentación por esta vía a entidade deberá dispoñer do correspondente certificado electrónico recoñecido pola sede da Xunta de Galicia. Así mesmo, a documentación complementaria e/ou xustificativa poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

• **En soporte papel:** E, igual que en anos anteriores, tamén se poderán presentar as solicitudes e o resto da documentación en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedementos administrativo común. Igualmente se poderán presentar nas delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo, nas oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia da entidade solicitante.

O envío por correo postal da documentación deberá ser certificado, e remitirse á Secretaría Xeral da Emigración, sita na Rúa Basquiños 2, 15704 Santiago de Compostela.

• **Modelo único de solicitude:** Este ano, en cada unha das dúas convocatorias, o modelo para que unha entidade presente as súas solicitudes é único. Cada entidade solicitante deberá cubrir nos apartados “Finalidade e importe” e “Custo das accións” o que corresponda a/aos programa/s e liñas que queira solicitar.

• **Unha soa solicitude:** Este ano, en cada unha das dúas convocatorias, tan só poderán presentar unha solicitude.

• **Novidade importante neste ano na convocatoria de infraestruturas e equipamentos:** Nesta convocatoria as entidades ademais de **tan só poder presentar unha solicitude, esta soamente poderá referirse a un dos dous programas: ben ao programa A ou ben ao programa B, pero non aos dous á vez.**

• **Novidade importante neste ano na convocatoria de programas de actuación:** **Ampliación do período das accións que se poden incluír na solicitude da convocatoria de programas de actuación:** Poderán ser subvencionadas as accións que se vaian a executar no prazo comprendido entre o día **1 de novembro de 2013** e o 30 de setembro de 2014.

• Chegado o momento de presentar as **reformulacións** das súas solicitudes, o modelo para que unha entidade presente as súas solicitudes reformuladas tamen é único (**Anexo II**).

II. Documentación

• Os outros anexos, **Anexo III e Anexo IV** (referidos respectivamente á relación de facturas e ás declaracións na fase de xustificación), **deben ser cubertos polas entidades solicitantes individualmente para cada programa e liña solicitado (un anexo IV para cada un dos programas, e un anexo III para cada liña ou programa),** indicando no recadro correspondente a que programa/liña corresponde en cada caso.

NON SE REXISTRARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR FAX E/OU POR CORREO ELECTRÓNICO

Debido á nova normativa sobre rexistros, este ano **non se poderá rexistrar nin as solicitudes nin a documentación que presenten por fax e/ou por correo electrónico as entidades.** Polo tanto, a documentación presentada por estas vías **non terá validez aos efectos de constancia de presentación nin de cumprimento dos prazos.**

(Aos únicos efectos de axilizar a xestión dos expedientes, é conveniente que, especialmente as entidades de fóra de Europa, adianten por fax e/ou por correo electrónico a documentación que estean remitindo por correo postal certificado, para que se teña constancia nesta Secretaría Xeral e se poida ir analizándoa

mentres non cheguen os orixinais por correo postal. Pero este adiamento por calquera destas vías non terá validez se non chegan os orixinais por correo postal e no prazo establecido).

3) XUSTIFICACIÓN SIMPLIFICADA

De acordo co establecido nas dúas resolucións de convocatoria, o importe da subvención concedida a unha entidade galega determinada, en calquera dos programas de subvencións, en ningún caso poderá ser superior a 30.000 €. En consecuencia, segundo a normativa vixente, o réxime de xustificación aplicable **en todos os programas** é o de xustificación simplificada, e, en base nese réxime, indícase a continuación a documentación que deberán presentar as entidades en cada programa, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación:

I.- ¿CAL É A DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR UNHA ENTIDADE NO MOMENTO DE REALIZAR UNHA SOLICITUDE NUN PROGRAMA CONCRETO?

1º) Documentación necesaria en cada un dos programas : 1 (liñas I e II), 2, A, B (no momento de presentar as solicitudes)

a) **Solicitude**, segundo o modelo normalizado que figura como **Anexo I** ás resolucións de convocatoria.

***Novidade neste ano 2014:** neste modelo de solicitude (**Anexo I**) inclúense, ademais, as seguintes declaracións obrigatorias:*

*- **Declaración do conxunto das subvencións** solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade para a cal se solicita a subvención, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.*

*- **Declaración expresa** de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

b) **Memoria** descritiva das accións que a entidade solicitante prevexa realizar.

c) **Orzamento/s detallado/s** que recolla/n o custo previsto de realización de cada acción e de todas en conxunto para as cales solicita a subvención no ano 2014.

Estes orzamentos deberán vir:

- asinados polos representantes legais da entidade (nos programas 1 – liñas I e II - e 2).

- realizados por empresas (nos programas A e B).

d) **Fotocopia do NIF** da entidade ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

e) Aquelas entidades que sexan o resultado dun **proceso de unión**, sempre que este houbera finalizado a partir do 1 de xaneiro de 2011, deberán acompañar copia compulsada da documentación que acredite este extremo.

2º) Documentación específica, necesaria soamente no programa que se indica (ademais da indicada no punto 1º anterior):

Programa 1. Liña I

a) No seu caso, copia cotexada do **contrato oficial de aluguer** do local que sirva de sede habitual e permanente da entidade solicitante, de non atoparse debidamente actualizado o exemplar que xa conste na Secretaría Xeral da Emigración.

b) **Copia do xustificante de pagamento** da mensuralidade do aluguer do local, referida ao mes anterior á presentación da solicitude de subvención.

c) Copia dos xustificantes de pagamento e das facturas correspondentes aos gastos derivados do **proceso de unión**.

Programa A

a) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de **50.000** euros deberanse achegar **tres orzamentos** de diferentes empresas, referidos a todas as obras que se van realizar.

b) No caso de restauracións, **informe asinado por un técnico competente**.

c) Os beneficiarios que non teñan a súa residencia fiscal en territorio español deberán presentar: **b1) certificado de residencia fiscal** emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia, e, **b2) unha declaración** na que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (esta declaración inclúese no anexo I).

d) No caso de non ser propietarios, **copia do contrato oficial vixente de aluguer** do local que sirva de sede habitual e permanente da entidade solicitante, ou de cesión do mesmo, a non ser que xa conste copia do mesmo na Secretaría Xeral da Emigración, e se faga constar así expresamente.

Programa B

a) Cando o importe do gasto subvencionable, incluíndo a totalidade dos investimentos previstos, supere a contía de **18.000** euros deberanse achegar **tres orzamentos** de diferentes provedores, referidos a cada un dos equipamentos que se van adquirir.

b) Os beneficiarios que non teñan a súa residencia fiscal en territorio español deberán presentar: **b1) certificado de residencia fiscal** emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia, e, **b2) unha declaración** na que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (esta declaración inclúese no anexo I).

II.- ¿CAL É A DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR UNHA ENTIDADE NO MOMENTO DE REALIZAR A XUSTIFICACIÓN DE TER REALIZADAS ÁS ACCIÓNS SUBVENCIONADAS, NUN PROGRAMA CONCRETO?

a) Unha **memoria** de actuación **xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das **accións realizadas** e dos resultados obtidos, indicando o custo de cada acción.

b) **Relación clasificada dos gastos e investimentos das accións realizadas**, con identificación do nome completo do acreedor, do nº do documento, o seu concepto, o seu importe, a data de emisión e a data de pago (pódese utilizar o modelo que figura como **Anexo III**).

c) Un detalle **doutros ingresos ou subvencións** que financiasen a acción subvencionada, segundo o modelo normalizado que figura como **Anexo IV**.

d) **Declaración do conxunto de todas as subvencións** solicitadas e/ou concedidas, para o mesmo proxecto para o que se solicita a subvención, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, de ser o caso, unha declaración de que non ten solicitadas nin percibiu outras axudas ou subvencións (pode usarse o modelo que figura como **Anexo IV** a esta resolución).

e) As entidades beneficiarias con sede social en España deberán acreditar que se encontran ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non teñen débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra parte, as entidades beneficiarias con sede social fóra de España deberán remitir unha declaración responsable do cumprimento desas obrigas (e para elo poden usar o modelo que figura como **Anexo IV** nas resolucións).

f) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como de intereses derivados destes.

III. MOSTRAXE (comprobación “a posteriori” pola Secretaría Xeral da Emigración dos xustificantes)

A Secretaría Xeral da Emigración, a través das técnicas de mostraxe que se determinen polo secretario xeral da Emigración e de acordo cos requisitos que para estes efectos determine a Consellería de Facenda, comprobará os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención. Para este fin, aos beneficiarios que sexan elixidos poderáselles requirir a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

4) Promoverase pola Secretaría Xeral da Emigración a “Fusión ou unión de entidades galegas”

Primaranse as solicitudes que presenten aquelas entidades galegas de nova creación que acrediten, de acordo co establecido nos seus estatutos, que a súa constitución é o resultado da unión doutras ou con outras entidades galegas, que no seu día estivesen inscritas no rexistro de comunidades galegas da Secretaría Xeral da Emigración, sempre que esta unión houbera finalizado a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Tamén, entre as finalidades do Programa 1 inclúense os gastos administrativos e legais derivados do proceso de unión.

5) LÍMITES MÁXIMOS

A) ¿Cal é o límite máximo dos importes a conceder a cada entidade en cada programa e liña?

Programa 1. A contía final da subvención a conceder por este programa (sumando as das dúas liñas) será menor de **30.000 €**, cos importes máximos seguintes en cada liña:

Liña 1: O importe máximo a conceder a través desta liña será de **18.000 €**.

Liña 2: O importe máximo a conceder a través desta liña será de **25.000 €**.

Programa 2. A contía final da subvención a conceder por este programa non poderá ser superior a **10.000 €**.

Programa A. O importe máximo a conceder neste programa será inferior a **30.000 €**. (Subvencións menores a 6.000 €, para entidades non propietarias. Así mesmo, non se concederán subvencións superiores a **6.000 €** para obras ou conservación de instalacións en inmobles que non sexan propiedade da entidade solicitante (ou inmobles cedidos, para os que non se aporte documento de cesión de uso a favor da entidade superior a 15 anos, contados desde a data de publicación desta resolución).

Programa B. O importe máximo a conceder neste programa será de **12.000 €**.

B) Establécese un “Límite máximo” nos investimentos no Programa A.

O importe máximo dos investimentos para os que solicite subvención unha entidade ao amparo deste programa A, non poderá superar a contía de **75.000 €** (no caso de que o orzamento do proxecto presentado superase ese importe, non se terá en conta o exceso, e deberá ser rectificado e reducido a esa cifra pola entidade solicitante).

Como consecuencia disto:

- se suprime a obriga de presentar o proxecto e a licenza municipal para expedientes con un gasto superior a 80.000 €.

C) Presentación de tres orzamentos (cando hai obriga de presentalos)

Programa A

No programa A, cando o importe do **gasto subvencionable** supere a contía de **50.000** euros deberanse achegar tres orzamentos de diferentes empresas, referidos a todas as obras que se van realizar.

Programa B

No programa B, cando o importe do **gasto subvencionable**, incluíndo a totalidade dos investimentos previstos, supere a contía de **18.000** euros deberanse achegar tres orzamentos de diferentes provedores, referidos a cada un dos equipamentos que se van adquirir.

6) As entidades NON deberán remitir as facturas, pero sí conservar tanto as facturas como os xustificantes de pago das mesmas nos seus arquivos.

a) Non remitir as facturas.

Este ano, cando presenten a documentación xustificativa en calquera dos programas incluídos nestas convocatorias, as entidades **NON deberán remitir as facturas** que acrediten o gasto realizado nin os xustificantes que acrediten o pago das mesmas, xa que están acollidas á xustificación simplificada. Agora ben, cando presenten a xustificación as entidades deberán **anotar os datos de cada unha das facturas no Anexo IV**: a data, a data de pago, o seu número, o nome completo da empresa emisora, o concepto e o importe total de dita factura.

Para que poidan ser admitidas na xustificación que presente unha entidade, **as facturas que acrediten os gastos realizados deberán conter todos os datos e requisitos necesarios para a súa validez**. Esas facturas válidas, así como os xustificantes que acrediten a realización dos pagos das mesmas (notas das transferencias bancarias e/ou recibos válidos), **deberán ser conservados polas entidades beneficiarias nos seus arquivos durante catro anos**, á disposición da Secretaría Xeral da Emigración e dos órganos de control.

b) Pagos das facturas.

Así pois, é imprescindible que as entidades **conserven** nos seus arquivos, ademais das facturas, os orixinais dos **documentos acreditativos do pago de cada factura**. Os órganos que realicen as comprobacións e os controis dos expedientes non só van esixir que as actuacións subvencionadas estean realizadas e debidamente xustificadas con facturas correctas, senón que ademais **estean pagadas e que se acredite este pago**.

Este pago deberá acreditarse debidamente, mediante **transferencia bancaria ou** “mediante **extractos ou certificacións bancarias** debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario”, de acordo co establecido no Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Con carácter excepcional, aceptárase a xustificación do pago mediante **recibo** do provedor para gastos por importes inferiores a **1.000 €** (para a súa validez, estes recibos deberán conter polo menos os seguintes datos: data, sinatura, nome e apelidos do asinante, o seu NIF, o cargo que ocupa na empresa ou entidade á que representa).

IMPORTANTE: Tanto as facturas como os xustificantes de pago das mesmas deberán ter data do ano 2014, e anterior á data de xustificación.

7) ¿En que consiste a “Reformulación das solicitudes”?

Igual que en anos anteriores, nestas dúas convocatorias de subvencións para o exercicio 2013 dirixidas ás entidades galegas no exterior inclúese a posibilidade de que a Secretaría Xeral da Emigración inste ás entidades para que reformulen as súas solicitudes, á vista das propostas de resolución provisionais. Aínda que cando chegue ese momento da reformulación se lles pasará información ao respecto a todas as entidades, a continuación infórmaselles brevemente da reformulación:

Para presentar a **reformulación** as entidades deberán cubrir na súa totalidade o **Anexo II**, xunto cunha memoria explicativa.

a) De acordo co establecido no art. 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe da subvención de cada proxecto na proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, a Secretaría Xeral da Emigración poderá instar á entidade beneficiaria a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable.

b) **¿En que consiste a reformulación?** A reformulación significa que, no caso de que a proposta provisional de subvención da Secretaría Xeral da Emigración non sexa o importe solicitado nese programa pola entidade, senón un importe inferior, **a entidade poderá presentar unha segunda solicitude (a reformulación), que modifique a primeira presentada, reducindo** o custo das accións a realizar e polo tanto o importe do gasto total. Nesta reformulación deben especificarse os novos importes reducidos das actuacións concretas que se levarían a cabo.

c) **Documentación que debe constar na reformulación.**

- Modelo de **solicitude do programa correspondente**, debidamente asinado e cuberto nas súas dúas follas, que modifique a solicitude inicialmente presentada (**Anexo II**).
- **Breve memoria e presuposto**, asinado polos representantes legais da entidade, na que se describan con claridade as accións que se levarán a cabo (as incluídas na solicitude inicial), e o custo total e o de cada unha delas.

d) **¿Cal debe ser o contido da solicitude reformulada?** A solicitude reformulada presentada por unha entidade deberá obter a conformidade do órgano de valoración. E, para que iso ocorra, **a reformulación presentada deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención e da solicitude inicial**. É dicir, esta segunda solicitude, aínda que pode reducir os importes monetarios para adecuarse á proposta de subvención, deberá manter as mesmas condicións da solicitude inicial en canto ás finalidades a realizar (as finalidades deben ser as mesmas que estean incluídas na solicitude inicial) e en canto as fontes de financiamento (deberán manterse integramente as previstas na primeira solicitude).

e) **¿Como se efectúa a comunicación ás entidades?** A realización da comunicación ás entidades para que reformulen as súas solicitudes efectuarase por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web *galiciaaberta* <http://emigracion.xunta.es>. A eficacia das citadas comunicacións será a partir das devanditas publicacións, computándose desde entón o prazo de dez días.

Así mesmo, con esa mesma data e nun só intento, a Secretaría Xeral da Emigración remitirá ao enderezo de correo electrónico das entidades, sempre que este conste na solicitude, unha comunicación dando conta da realización desta publicación e dos importes propostos en cada un dos programas nos que se presentase solicitude.

f) **Prazo.** As entidades solicitantes terán un prazo de **dez días**, que se computará desde a data de publicación destas comunicacións na devandita páxina web, para remitir á Secretaría Xeral da Emigración a reformulación das súas solicitudes para o seu análise. No caso daquelas entidades que non respondan nese prazo, entenderase que aceptan o importe da subvención que apareza na proposta de resolución provisional.

8) As accións deberán ser realizadas na súa totalidade

As entidades deberán realizar as accións que aparezan na solicitude presentada na súa **totalidade**, tanto nas finalidades como nos importes. A segunda solicitude reformulada presentada pola entidade (sempre que mereza a conformidade da Secretaría Xeral da Emigración) ou a primeira (se non se houberse presentado a reformulación ou esta non fose aceptada), **deberá ser executada íntegramente, ao 100 %.**

Se a entidade non executase na súa **totalidade**, tanto nas finalidades como nos importes, as accións que consten ben na solicitude reformulada (no caso de presentarse esta) ou ben na primeira solicitude (no caso de que non se optase pola reformulación), o **pago da subvención será proporcional, minorándose en proporción á cantidade xustificada.**

Polo tanto, con independencia da subvención que lle poida conceder a Secretaría Xeral da Emigración, é moi importante que as entidades non inclúan nas súas solicitudes nin máis accións nin máis gasto do que realmente vaian realizar.

9) ¿Cales son os prazos a ter en conta?

Os prazos fixados na convocatoria deberán cumprirse estrictamente.

* O **prazo para presentar as solicitudes** será de corenta días naturais, contado a partir do día seguinte á publicación das convocatorias no Diario Oficial de Galicia (DOG). É dicir, na convocatoria de programas de actuación (programa 1 –liñas I e II- e programa 2) o prazo vence o próximo **7 de abril de 2014**; e na convocatoria de programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos (programas A e B) o prazo vence o próximo **31 de marzo de 2014**.

* E **para presentar a documentación xustificativa** de ter realizadas as actuacións subvencionadas o prazo vencerá o **30 de setembro de 2014** (na convocatoria de programas de actuación) **e o 15 de outubro de 2014** (na convocatoria de programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos), agás que a Secretaría Xeral da Emigración outorgue unha ampliación do devandito prazo.

* Así mesmo, os **prazos dos requirimentos** efectuados ás entidades pola Secretaría Xeral da Emigración, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación, deberán de cumprirse estrictamente.

10) Requirimentos: ¿cómo se efectuarán os requirimentos ás entidades?

Tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación, os requirimentos deben ser atendidos na súa totalidade e nos prazos establecidos.

De acordo co establecido nas resolucións de convocatoria, o prazo de **10 DÍAS** establecido nos requirimentos computarase desde a publicación do requirimento no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web *galiciaaberta* <http://emigracion.xunta.es> (en concreto, no apartado *Listas a convocatorias*).

Enviarase unha única comunicación aos correos electrónicos das entidades, na que se lles avisará da publicación do requirimento.

No caso de non achegar a entidade nese prazo **toda** a documentación requirida se lle terá ben por desistido da súa solicitude ou ben, no caso da xustificación, perderá o dereito ao cobro da subvención concedida.

11) Deberán indicarse todas as “Fontes de financiamento” empregadas.

- No momento de presentar a solicitude, no modelo de solicitude deberán indicarse as fontes de financiamento previstas das accións proxectadas.

- Así mesmo, coa documentación xustificativa, no **Anexo IV**, as entidades deberán indicar as distintas fontes de financiamento que fosen utilizadas na realización das actuacións: fondos propios da entidade, subvención da Secretaría Xeral da Emigración, outras subvencións, outras fontes.

12) Outras cuestións importantes na tramitación dos expedientes

* Para poder ser anotada no Rexistro de entrada da Secretaría Xeral da Emigración, **toda a documentación** que remitan as entidades galegas por correo postal deberá vir **acompañada dun escrito** (carta ou oficio), no que conste a descrición dos documentos que se achegan, e dirixido á Secretaría Xeral da Emigración, Basquiños, nº 2. 15704. Santiago de Compostela.

* Tal como se indicou anteriormente, **non se rexistrará a documentación que presenten por fax ou por correo electrónico as entidades.** Polo tanto, a documentación presentada por estas vías **non terá validez** ningunha aos efectos de constancia de presentación nin de cumprimento dos prazos.

* Para axilizar a tramitación dos expedientes é imprescindible que, coa maior brevidade posible, se acheguen os **documentos orixinais** por correo postal ou mediante entrega directa, a non ser que se elixa a presentación por vía electrónica.

* É moi conveniente o contacto **telefónico** cos funcionarios da Secretaría Xeral da Emigración para resolver axilmente as dúbidas que xurdan na tramitación dos expedientes (Tel.: 981 545833, 981 957160).

* A solicitude e a documentación que deba presentarse de acordo co disposto nestas bases, deberá ser **asinada** polo/s representante/s legal/is das entidades solicitantes.

13) ¿Canto tempo deben as entidades conservar nos seus arquivos a documentación?

Toda a documentación dos expedientes -especialmente a documentación xustificativa (facturas, xustificantes de pago das facturas, etc.)- deberá ser conservada polas entidades, e a disposición dos órganos de control das subvencións, durante un período mínimo de **catro anos** (a non ser que xa fose remitida á Secretaría Xeral da Emigración).

Febreiro 2014.